



O espazo educativo, un campo aberto.

Outes soñando o patio, **CEIP Plurilingüe de Outes.**

PDI Outes Soñando O Patio

Curso 2022-2023



**Este Proxecto xurde da necesidade de dar voz a infancia.
Despois dunha reunión mantida coa Comisión de Espazos e tras o ofrecemento de
Julio a axudarnos co deseño e transformación do patio nace o PDI:**

OUTES SOÑANDO O PATIO



Nun primeiro momento Julio e David de HortaClown deron unhas charlas informativas e motivacionais.


Falaron dalgúns dos elementos que poderían estar presentes no noso patio . Tamén da importancia das plantas, as árbores e a auga como xeradoras de vida.



Xa nas aulas, o alumnado comenzou a investigar coa documentación bibliográfica aportada pola Biblioteca Escolar e o Equipo de Patios. Fixeron traballo de campo, observando a orientación do sol, as zonas húmidas e a amplitude dos espazos....situando así nun plano os diferentes elementos que soñaban ter no patio.



SOÑANDO O NOSO PATIO 1º B



COUSAS QUE QUEREMOS MANTER

1. MESAS DE AUGA
2. COCIÑA
3. CANCHA - pintura de cores arco da vella
4. XOGO DE EQUILIBRIO

NOVIDADES

5. ZONA DE XOGO DE AUGA MODIFICABLE:
 - mesas de auga, canchóns, palas pequenas e grandes, tubos
 - depósito de auga de choiva
6. CHARCOS DE OBSERVACIÓN
 - Recollen auga do tellado do patio cuberto.
 - Cascadas na baixada do patio cuberto.
 - Comunicadas con un río e pontes por arriba para poder cruzar.
 - Con bancos pegados á parede do patio cuberto.
 - Pósterle madeira aos bancos que hai.
7. MONTÍCULO DE TERRA CON TUNEL CON E SAÍDAS. Unha para cada ponte e outra para o banco.
8. MESAS CON BANCOS. Para descansar. Coa coxía para xogar aos restaurantes.
9. TIROLINA. De muro a muro.
10. COLUMPIO. Para 2 ou 3 persoas. Con bancas arredor.
11. CASA DA ÁRBORE.
12. BOSQUE DE ARBORES FRUTAIS CON MESAS DE TRABALLLO
 - Platanera, caquis, melocotonero, laranxeira, mandarina, pereira, maceira, aguacatero, limoeiro, cereixeira.
13. ENREDADEIRAS
 - So nos lados marcados, porque se non da demasiada sombra no patio.
 - De uvas, de kiwi, de flores.
 - Pola parte de fóra da valla.
14. MONTÍCULO DE RODAS CON TOBOGÁN DE 2 PRAZAS E XARDINS NOS ESCALONS.
15. BANCAIS - fresas
16. PÉRGOLA con enredadeira para sombra. Metade uvas, metade flores.
17. INVERNADOIRO
18. CIRCUITO DE ESCALADA DE TRONCOS
19. CABAÑAS VIVAS CON TUNEL ENTRE ELAS

Con todos os deseños dos espazos do patio fíxose unha exposición que foi visitada por todo o alumnado do centro facendo unha análise dos planos do resto das aulas.



Xa de novo nas aulas e tras a análise dos planos, cada titoría decide que elementos consideran importantes ter no patio.
Son os representantes do Consello da Infancia os encargados de levar as propostas e debatir co resto dos representantes.
Neste Consello da Infancia saen as 17 comisións de traballo, unha por cada zona do patio a deseñar.



Unha vez que se decidiron as Comisións, cada neno e nena da escola elixíu libremente a cal quería pertencer.

Así foi como, con alumnado de idades comprendidas entre tres e doce anos e polo tanto grupos mixtos, se repartiron os diferentes espazos do patio a deseñar. As comisións fóron as seguintes:

- **Comisión de Estanque.**
- **Comisión de Sistema de Recollida de Augas.**
- **Comisión de Horta e Invernadoiro.**
- **Comisión de Construcións Vivas.**
- **Comisión de Labirinto Vexetal.**
- **Comisión de Zona de Investigación e .**
- **Comisión de Casas para animais.**
- **Comisión de Aula Exterior.**
- **Comisión de Bosque.**
- **Comisión de Tirolina.**
- **Comisión de Cabana na Árbore.**
- **Comisión de Cabana no Chan.**
- **Comisión de Circuito de Bicis.**
- **Comisión de Xogos de Auga.**
- **Comisión de Lombas de Terra.**
- **Comisión de Columpios, Tropa, Equilibrio e Parkour.**
- **Comisión de Pista Polideportiva.**

**Cada comisión estivo titorizada por profesorado e xuntos fixeron traballo de campo,
investigaron e deseñaron os novos espazos.
Tamén se fixo un orzamento do que podería costar construír a zona.**

vídeo reto Polos




O alumnado de 6º de primaria diseñou unha maqueta dos edificios e espazos exteriores a escala. Cada unha das comisións foi engadindo elementos do espazo a diseñar na maqueta.



Cada Comisión realizou un documento explicando o proceso de creación da súa zona.
Con todos, editouse un dossier e tamén una maqueta da mesma que se engadiu á maqueta principal. **CRONOGRAMA PDI**



Produtos finais




Paralelamente a todo este proceso, comenzamos a cumplir sueños.



Ademais o Concello cedeunos unha pa escavadora, así como árbores (cerdeiras e castiñeiros) que o alumnado plantou no patio, continuando así co proceso de renaturalización do espazo.



Na Área de Proxecto Competencial o alumnado de 3º e 4º de primaria estivo deseñando os bancais e organizando os cultivos da horta.



**O alumnado xestiona o composteiro apostando así pola sostenibilidade.
De feito o compost úsase para abonar a horta.**



Nos últimos meses do curso, estiveron plantando nos bancais diferentes hortalizas e cada grupo coidou a súa zona.



Tanto o produto final do proxecto como o proceso de investigación culminou nunha exposición que se inaugurou coa visita de todas as aulas do centro á mesma.

Posteriormente abriuse para toda a comunidade educativa na festa do 50 aniversario da escola.<https://www.instagram.com/reel/CttxOEktJZS/?>



Despois da exposición e tras finalizar o proxecto, mantivemos unha reunión coa Comisión de Espazos para organizar por onde comezar a dar forma aos espazos exteriores.




O curso pasado démoslle continuidade ao proxecto co novo PDI de centro: “ Temos raíces, temos as: O río Tins”.

Así, a comisión de bosque xunto co alumnado do primeiro ciclo e coa axuda de Renatur plantaron árbores autóctonas.



Para a transformación é necesario pasar pola incomodidade...



Sentido de pertenza



Grazas pola vosa atención

